

## CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades pola que se establece o calendario de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 30), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS**, segundo as seguintes normas:

- 1 De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 representante**, dun total de 1 que debe ter o Consello Escolar.
2. Son electores e elexibles as persoas incluídas no censo publicado. Poden facerse reclamacións ao censo ata o día 14 de novembro ás 14:00 na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 14:00 horas do citado día 14 de novembro.
- 3.- A mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e membro do sector de maior idade.
- 4.- A campaña electoral comprenderá dende o 18 ao 22 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES. O día 23 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 5.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 13:50 a 14:10 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 13:45 horas.
- 6.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **1 nome** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.
- 7.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 8.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

*Onome*

..., 4 de novembro de 2022

O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo: .....



The image shows a handwritten signature in blue ink over a circular official stamp. The stamp is from the 'XUNTA ELECTORAL DO CENTRO DE EDUCACIÓN NON UNIVERSITARIA DE OURENSE' and includes the text 'SECRETARÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E FORMACIÓN PROFESIONAL' and 'DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA'.